



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
**LABORAL****LOITA**  
**polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 689 Semana do 1 ao 7 de agosto de 2016

**111.000 PARADOS SEN NINGÚN TIPO DE COBERTURA E A PRESTACIÓN POR DESEMPREGO XA É DE CARÁCTER ASISTENCIAL**

## **A SINATURA EN GALICIA DE 100.000 CONTRATOS NUN SÓ MES EVIDENCIA ALTOS ÍNDICES DE ROTACIÓN LABORAL E PRECARIIDADE**

*Esténdese a precariedade no emprego e no desemprego*

**Redacción.-** O Servizo Público de Emprego publicou este martes os datos do paro referidos ao mes de xullo. Uns datos que reflicten unha significativa baixada do desemprego, tanto en Galicia como no resto do Estado, algo que UGT-Galicia valora, pero que amosan tamén o carácter estacional do emprego que se crea, marcado pola temporada estival, e os altos índices de rotación e precariedade na contratación, con case 100.000 contratos asinados en Galicia nun só mes.

Os datos demostran que se estende a precariedade no emprego, a desigualdade no mercado de traballo e aumenta a pobreza laboral, a porcentaxe de contratos indefinidos sobre o total no mes de xullo é tan só do 6 por cento. Estes resultados son as consecuencias das reformas laborais impostas e as súas secuelas, así como, das políticas de emprego ineficaces, máis baseadas na redución de custos pola vía da devaluación salarial e das bonificacións de cotizacións sociais, que na mellora da empregabilidade dos desempregados.

Para UGT-Galicia, non é suficiente con crear emprego, senón que urxe revertir a traxectoria de empeoramento da calidade do emprego e reforzar as políticas de protección por desemprego e as prestacións contributivas e asistenciais para aumentar a cobertura porque máis da metade das persoas desempregadas en Galicia xa non perciben ningún tipo de prestación. Nos últimos anos a taxa caeu en máis de 25 puntos.

A recuperación económica debería vir acompañada de políticas co obxectivo do cambio de modelo produtivo. Para elo, é necesario un plan de choque dirixido a xerar empregos de calidade, a reducir o desemprego de longa duración, a acabar coa precariedade e parcialidade involuntaria e a incrementar a protección aos desempregados.

Para UGT-Galicia, é fundamental que a recuperación económica se traslade ás persoas, reducindo a enorme desigualdade e a pobreza xeradas polas políticas de austeri-

dade, o que require máis emprego e de mellor calidade, con condicións laborais dignas e con políticas salariais que permitan a recuperación do poder adquisitivo perdido durante a crise.

Concretando os datos que ofrece hoxe o SEPE para Galicia, estes indican que o mes de xullo remata con 195.457 desempregados, caendo o paro nun 5,72 por cento (11.863 desempregados menos) en relación ao mes de xuño e nun 9,7 por cento en relación a hai un ano.

A desigualdade no mercado laboral segue presente. A contracción do desemprego beneficia máis aos homes. Así, a baixada do paro foi do 6,8 por cento entre os homes, fronte a un 4,8 por cento entre as mulleres. En termos interanuais sucede o mesmo, baixa un 11 por cento no caso masculino e un 8,54 por cento no feminino.

Entre os menores de 25 anos o paro cae no mes nun 9,73 por cento e no ano ano nun 16,3 por cento, fronte ao 9,7 por cento do total de idades. Isto evidencia a saída de efectivos de Galicia e a falta de relevo xeracional.

Por sectores, o paro contráese en todos pero con maior peso no de servizos polas contratacións propias da época estival. De feito, o 65 por cento do total da baixada do desemprego corresponde a este sector.

En termos de contratación, esta sube fortemente, nun 6,64 por cento, fronte á caída do 5,42 por cento do Estado. Non obstante, hai que advertir que caen os contratos indefinidos, o 2,3 por cento, e medran os temporais, o 7,3 por cento. A porcentaxe de contratos indefinidos sobre o total no mes de xullo é tan só do 6,01 por cento, caendo incluso máis que no



mes anterior.

Resulta moi preocupante que en Galicia 99.487 contratos foron asinados tan só nun mes. Comparado isto co número total de asalariados que hai nesta Comunidade, 811.000, resulta unha cifra moi elevada que evidencia os altos índices rotación laboral e precariedade.

Outra pata deste complexo banco que resulta o mercado laboral son os índices de cobertura por desemprego, cada vez máis baixos e que deixan na cuneta a miles de familias que xa non perciben ingresos. A cifra de beneficiarios con prestacións por desemprego en Galicia é de tan só 96.568 persoas. O carácter contributivo desta prestacións tamén está baixo mínimos. Hai nesta Comunidade tan só 37.615 beneficiarios de prestacións contributivas, o 39 por cento do total. Así, a taxa de cobertura é en Galicia do 50,8 por cento, fronte ao 55,1 por cento do resto do Estado. A prestación por desemprego xa é maioritariamente de carácter asistencial.

Isto supón que, ademais de ser cada día menos as prestacións estas son cada día máis baixas, xa que, mentres a percepción media bruta das contributivas é de 772,3 euros, as contías das asistenciais non superan os 426 euros.

Hai 111.000 persoas paradas xa sen ningún tipo de cobertura, o 53,4 por cento dos desempregados galegos. A taxa de cobertura está en mínimos históricos, por moito que baixe o desemprego a situación das persoas en paro segue empeorando.

# OS RETOS QUE UGT PLANTEA AO NOVO GOBERNO

*Un plan de choque polo emprego, un modelo de relacións laborais máis equilibrado, unha política económica expansiva e incrementar as pensións e os salarios*

**Redacción.-** UGT ven de iniciar unha campaña na que trata de difundir publicamente, a través dos medios de comunicación e as redes sociais, cales son os retos que debería poñer enriba da mesa o novo Goberno.

Para UGT, a débil creación de emprego no noso país, baseada en traballos temporais precarios e mal remunerados, está facilitando estatisticamente a caída do desemprego, pero está reducindo a capacidade produtiva do país e, con elo, a capacidade de xerar ingresos suficientes para soste-lo sistema de protección social e desenvolver as políticas de progreso que precisa España. Para o Sindicato, a loita contra o desemprego (cuxa taxa do 21 por cento é a segunda máis elevada da UE) debe ser o obxectivo número un do novo Goberno, mediante un plan de choque que posibilite emprego e salarios de calidade e diminúa os niveis de desigualdade e pobreza xerados durante a última lexislatura.

O desemprego segue nun nivel elevadísimo, cunha taxa do 21 por cento, a segunda máis alta da UE tras a de Grecia (24%). E, o que é máis grave, o desemprego está facéndose cada vez máis estrutural. Hai 2.763.000 persoas que levan máis dun ano en situación de desemprego, o 57,7 por cento do total; deles, 2.071.000 levan dou anos ou máis no desemprego (o 43,2 por cento do total).

Ademais, no último ano o número de activos descendeu en 78.400 e desde o primeiro trimestre de 2012 o descenso foi de 612.000, debido a tres circunstancias: o progresivo envellecemento da poboación española, a marcha de traballadores ao estranxeiro para buscar oportunidades de emprego e a saída do mercado laboral de outros moitos traballadores como consecuencia do desánimo que produce a persistencia da situación de desemprego e a falta de expectativas. Esta caída da poboación activa concéntrase nos grupos de idade máis mozos: nos últimos catro anos o número de activos menores de 35 anos descendeu en 1,5 millóns.

## **Un modelo de relacións laborais máis equilibrado e garantista para os traballadores**

Para UGT, as reformas laborais de 2010 e 2012 só serviron para aumentar a precariedade do emprego, reducir os salarios e dar máis poder ao empresario.



Sen embargo, nin se creou emprego, nin mellorou a súa calidade, nin aumentou a empregabilidade dos desempregados, senón todo o contrario. Por iso, o novo Goberno debe derrogar as reformas para construír un modelo de relacións laborais máis equilibrado, máis garantista para os traballadores e máis eficiente para a nosa economía, no que prime a xeración de emprego de calidade e os bos salarios.

UGT considera que non é posible manter un mercado de traballo baseado na precariedade, onde o emprego se caracteriza pola temporalidade, a rotación, o tempo parcial involuntario e os baixos salarios. Ademais, tampouco é posible que as relacións laborais veñan determinadas pola vontade do empresario, cun poder case omnímodo para cambiar unilateralmente as condicións de traballo, incluídas as salariais, e non respectar o pactado no convenio colectivo. Ou para despedir de xeito barato, fácil e ata sen causas.

## **Unha política económica expansiva que impulse o crecemento e o emprego**

A estratexia de austeridade externa e interesada imposta dende Europa en maio de 2010 baseouse nunha serie de recortes e reformas que só serviron para desregular a nosa economía e producir máis sufrimento na poboación. Para UGT, o novo Goberno debe implementar medidas expansivas que impulsen o crecemento, creen emprego de calidade e garantencen a sostibilidade do noso modelo social.

Tras seis anos de aplicación de recortes e austeridade, o resultado foi un completo fracaso, con consecuencias moi negativas para a capacidade de desenvolvemento da zona euro e, sobre todo, para a calidade de vida dos seus cidadáns. Non se repararon os desequilibrios

macroeconómicos (ao contrario, algúns agraváronse), aumentaron as desigualdades e os niveis de pobreza e degradáronse as condicións laborais da poboación traballadora e os estándares de vida do conxunto da poboación.

UGT considera que esta política responde a un ultracapitalismo que se despoxo dos compromisos de solidariedade social tácitos vixentes dende a reconstrución europea e están provocando perigosas fracturas territoriais, sociais e políticas no seno da UE. A última delas, o triunfo da saída do Reino Unido no referendo celebrado o día 23 de xuño.

## **Incrementar pensións e salarios para dinamizar a economía**

UGT considera que o próximo Goberno deberá afrontar o reto de establecer unha política de crecemento das rendas que compense a perda de ingresos das familias durante os últimos anos. É fundamental incrementar as pensións e os salarios -tanto no sector privado como no público- así como, o SMI ata situalo en 800 euros en 2017 e acadar o 60 por cento do salario medio ao final da lexislatura- establecer canto antes unha Prestación de Ingresos Mínimos que garantice aos desempregados sen recursos uns ingresos para unha vida digna e revisar á alza outras prestacións. Desenvolver, en definitiva, unha distribución máis xusta da riqueza que free os desequilibrios provocados polo desemprego e a precariedade.

Os salarios, xunto ás pensións e as prestacións, son a fonte fundamental de ingresos dos 90 por cento dos fogares e o compoñente fundamental da demanda interna -factor clave do crecemento económico-, de forma que sen reactivación salarial non haberá crecemento e creación de emprego de xeito sostido.

## O GOBERNO VULNERA A LEGALIDADE E ROMPE DE FORMA UNILATERAL O CONSENSO ALCANZADO NA FORMACIÓN PROFESIONAL

**Redacción.-** O Goberno informou na reunión do Padroado da Fundación Tripartita para a Formación que exclúe aos interlocutores sociais do órgano de gobernanza que controla as axudas do sistema de formación para o emprego. Consuma así a ruptura do consenso alcanzado esta materia e vulnera a legalidade vixente, o Convenio 88 da OIT que establece a consulta aos interlocutores sociais en asuntos relacionados co emprego, e os pronunciamentos da Audiencia Nacional e do propio Tribunal Constitucional. UGT recorrerá a exclusión da convocatoria de 2016 e emprenderá as accións legais que considere oportunas.

UGT considera que a formulación antisindical e antisocial de excluír ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas do órgano colexiado encargado de emitir informe sobre o resultado da avaliación que efectúen os técnicos da Fundación Estatal para o Emprego, en relación coa Convocatoria de 2016 para a execución de plans de formación, de ámbito estatal, dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados, é de xeito evidente:

-Inadmisíble para os sindicatos e patronais.

-Supón un incumprimento directo e flagrante do acordo político que o actual Goberno asumiu con outras forzas parlamentarias na aprobación da Lei 30/2015, de formación profesional para o emprego. Esta sinalaba explicitamente que o papel dos interlocutores sociais centrábase "no deseño estratéxico, a planificación, a programación, a difusión, o control, o seguimento e a avaliación da formación profesional para o emprego".

-Pretende excluír a esas organizacións dun órgano da gobernanza do sistema, un órgano de control do proceso de axudas de formación profesional para o emprego.

-Contradí tamén o papel constitu-



cional recoñecido a estas organizacións e así declarado polo Tribunal Constitucional.

-Vulnera directamente a regulación vixente nesta materia polo que se está actuando de forma claramente ilegal

A Unión Xeral de Traballadores, por último, reitera que seguirá traballando pola defensa do dereito á formación dos traballadores e as traballadoras e que esta se realice coas máximas garantías para a acreditación e cualificación dos traballadores deste país.

## UGT lamenta o fallo do TC que desestima o recurso contra a exclusión da asistencia sanitaria a determinados colectivos

**Redacción.-** UGT lamenta o fallo do TC que desestima o recurso presentado polo Parlamento Navaro contra o RD de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde, no que respecta á exclusión da asistencia sanitaria a determinados colectivos e á utilización da fórmula do RD Lei para modificar un dereito básico e universal.

A Sentenza avala as teses do Goberno ao considerar que o dereito á saúde do artigo 43 da Constitución pode ser modulado e limitado no caso dos estranxeiros. E directamente excluídos no caso de quen se atopa en situa-

ción irregular; pero non só este colectivo, tamén os cidadáns comunitarios que non están rexistrados en España (e dado que o rexistro depende de ter emprego ou medios económicos, é obvio que afecta a aqueles que teñen menos recursos), ou os ascendentes reagrupados por cidadáns españois ou estranxeiros.

O Goberno, na mesma senda, eliminou o dereito á asistencia sanitaria dos españois que están fóra máis de tres meses. Esta medida, en particular, no caso de quen vai a outros países comunitarios a buscar emprego, implica que non terán a condición de asegu-

rados en España e, por tanto, non recibirán nos países de emigración a mesma asistencia sanitaria que os seus nacionais.

Para UGT, esta Sentenza supón avalar o progresivo desmantelamento do Estado de Benestar, con consecuencias sobre a vida e a integridade física, non só dos estranxeiros directamente excluídos, senón sobre o conxunto da sociedade. O sistema, que xa non é universal, que se financia con impostos e por cuxas prestacións, con todo, debemos pagar dúas veces, deixa fóra ás persoas en peor situación económica.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!



Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

## O NOVO ESCENARIO MACROECONÓMICO PARA 2017: MENOS GASTO PÚBLICO, MENOS INVESTIMENTO E MÁIS RECORTES

**Redacción.-** O escenario macroeconómico que presentou o Consello de Ministros, imposto pola Comisión Europea por incumprir os obxectivos de déficit, vai supoñer menos gasto público, menos investimento e máis recortes. Os cidadáns non son os culpables da incompetencia dun Goberno que, coas súas políticas, deu lugar a un modelo económico incompatible co progreso social, a igualdade e a propia estabilidade macroeconómica. Non se trata de recortar, senón de recadar. Por iso, UGT demanda ás institucións europeas unha política económica e social expansiva e ao noso Goberno unha reforma fiscal integral, co fin de conseguir un sistema máis xusto e equitativo e aumentar a recadación. Este obxectivo, xunto coa loita contra o desemprego, a pobreza e a desigualdade deben ser os retos do próximo Goberno para conseguir unha recuperación real e social da nosa economía.

A evolución da economía española volve cambiar de rumbo. O novo escenario macroeconómico presentado polo Consello de Ministros é o resultado das obrigacións que impuxo a Comisión Europea a España para 2017 e 2018, polo incumprimento dos obxectivos do déficit. O Executivo en funcións presenta publicamente unhas cifras melloradas para 2016 que esconden un empeoramento da situación en 2017, como é o feito de que a taxa de paro acabe en case un 18% e o PIB, o gasto público e o investimento retardáranse.

Desde abril de 2009 España está dentro do marco correctivo do Pacto de Estabilidade e Crecemento e recibiu a recomendación de corrixir o seu déficit excesivo en 2016. A pesar dos recortes sufridos e das reformas impostas no noso país desde entón, e de acordo coas previsións de primavera de 2016 da Comisión, España non vai alcanzar o obxectivo de déficit previsto para 2016. Por iso, desde as institucións europeas, obrígasenos a seguir unha nova senda fiscal que pon fin á presente situación de déficit excesivo en 2018.

Estas obrigacións tradúcense en que España deberá reducir o seu déficit público ao 4,6% do PIB en 2016, ata o 3,1% do PIB en 2017 e ao 2,2% do PIB en 2018. Ademais, España deberá adoptar e aplicar plenamente as medidas de consolidación que ascenden a 0,5% do PIB en 2017 e 2018, e terá



que adoptar novas medidas en caso de riscos dos plans orzamentarios a materializar.

É dicir, haberá máis recortes, porque non se pode fiar a economía a un crecemento débil, insustentable e desigual e ao emprego precario e devaluado. Bruxelas xa puxo en dúbida, no seu momento, as contas presentadas polo executivo español e insistiu unha e outra vez no risco de incumprimento do déficit e agora dixo basta. A pesar do crecemento da economía española, os desequilibrios e as desigualdades persistentes no noso país poñen en risco o seu futuro. Porque o crecemento económico non se traslada aos cidadáns e traballadores do noso país, e o noso modelo de crecemento é tan dependente de actividades e factores estacionais e tradicionais que a economía española é moi vulnerable aos vaivéns do ciclo económico internacional.

As políticas erróneas que deron lugar a un modelo económico e produtivo incompatible co progreso social e a igualdade, e coa propia estabilidade macroeconómica, non poden volver repetirse porque as políticas impostas en España nos últimos anos só conseguiron debilitar a estrutura económica e aumentar a desigualdade social. As consecuencias derivadas do duro axuste fiscal que nos esixen desde as institucións europeas en 2017 e 2018, que deben concretarse en medidas estruturais, é dicir, desvinculadas do ciclo económico, e con carácter permanente, non poden nin deben traducirse en máis recortes e máis austeridade, porque os cidadáns e os traballadores deste país non son os culpables

da incompetencia do Goberno e as súas letais promesas electorais, traducidas en reformas fiscais que deron ao traste coa recadación e o cumprimento do déficit. Sen pudor, o Goberno rebaixou impostos obxectivos electorais, rebaixas que estiveron vinculadas a recortes sociais, xerando maiores niveis de pobreza e exclusión en España.

A clave para saír da crise en termos sociais e laborais, e non só nas estatísticas macroeconómicas (hoxe á baixa) pasa por combater a crecente desigualdade social. Para iso, UGT demanda ás institucións europeas unha política económica e social expansiva, para poder reconstruír o modelo social europeo: cunha sociedade cohesionada, con igualdade de oportunidades e con dereitos conseguidos mediante a negociación colectiva.

No noso país, UGT demanda un incremento da recadación fiscal, a través dunha reforma integral do sistema tributario, de tal forma que sexa máis xusto e equitativo e pague máis quen máis ten. Só así se logrará manter o Estado de Benestar no noso país. Non se trata de recortar, senón de recadar. E nesta clave deben establecerse os obxectivos dos próximos Orzamentos Xerais do Estado para 2017 e os retos do novo Goberno para o próximos catro anos: a loita contra o desemprego, a pobreza e a desigualdade. Porque a recuperación real e social da nosa economía (convén lembrar que a economía somos todos), pasa por finiquitar de inmediato as políticas de austeridade que agravaron sistematicamente os efectos da crise.

# FEESP-UGT PRESENTA UNHA QUEIXA AO VALEDOR DO POBO POR DISCRIMINACIÓN INDIRECTA DO PERSOAL QUE TRABALLA A QUENDAS NOS CENTROS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

*O Sindicato espera que se estime a queixa e se remita suxestión ao Parlamento de Galicia para que proceda a corrixir esta discriminación*

**Redacción.-** A Federación galega de Servizos Públicos (FeSP-UGT de Galicia) considera necesario e primordial poñer de manifesto, unha vez máis, a situación que está a vivir o persoal da Xunta de Galicia que traballa a quendas na Consellería de Política Social dende a suspensión temporal do descanso compensatorio por domingo ou festivo operada coa Lei 1/2012, mediante sucesivas leis de orzamentos de Galicia, foi levantada para o persoal de prevención e extinción de incendios en determinados meses do ano, non así para o persoal de residencias de maiores, menores e discapacitados.

Aínda que a Lei 1/2012 que suspendeu, entre outros este dereito, afecta a todo o persoal laboral da Xunta de Galicia, o certo é que o persoal que presta servizo a quendas e domingos e festivos se concentra fundamentalmente na Consellería de Medio Rural, en prevención e extinción de incendios, e na Consellería de Política social, en residencias de persoas maiores, menores e discapacitados.

No portal web de transparencia do Goberno da Xunta a desagregación dos datos por sexo non reflicte a situación real, non só xeral, senón tamén a nivel de cada corpo, escala, grupo e categoría. Concretamente, o desequilibrio entre sexos é notorio entre o persoal que presta servizo a quendas entre estas dúas consellerías.

En Medio Rural, na prevención e extinción de incendios, o colectivo maioritario é masculino e en Política Social, nas residencias de persoas maiores, menores e discapacitados é maioritariamente feminino. Así, a modo de exemplo, na prevención e extinción de incendios na provincia de Coruña os homes representan o 84,65%, fronte ó 15,34% de mulleres, e na provincia de Lugo o 73,52% son homes e o 26,48% mulleres, o que evidencia a masculinización do colectivo. Pola contra, nas residencias de maiores, menores e discapacitados, o colectivo está altamente feminizado, na provincia da Coruña o 84,95% son mulleres e o 15,04% homes e na provincia de Lugo o 86,78% son mulleres e o 13,23% de

homes.

Pois ben, a suspensión temporal "sine die" do descanso compensatorio por domingo ou festivo operada coa Lei 1/2012, mediante sucesivas leis de orzamentos de Galicia, foi levantada para o persoal de prevención e extinción de incendios en determinados meses do ano, non así para o persoal de residencias de maiores, menores e discapacitados.

O motivo da queixa presentada á Valedora do Pobo o pasado día 1 de agosto céntrase en facer visibles os efectos inxustos e discriminatorios provocados polas medidas adoptadas e, en concreto, o tratamento peyorativo de persoas do sexo feminino que presta servizos en domingos derivado da aplicación da Lei 1/2012 e das sucesivas leis de orzamentos en relación co artigo 19 do referido Convenio colectivo.

Os efectos desta inxusta discriminación afectan á seguridade e saúde e producen unha elevada taxa de sinistralidade laboral. Segundo reflicte o informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, hai un incremento de accidentes desde o ano 2013 ata o 2015, ó pasar de 396 a 454, e as baixas laborais por accidentes incrementáronse de 151 ata 235. Na clasificación, segundo postos de traballo, destacan as categorías de auxiliar de enfermería (75), coidadoras (50) e camareira-limpadora (48). Tres son as causas que sobresaen: os sobreesforzos, cun total de 110, as caídas de persoas ao mesmo nivel, 38, e os causados por seres vivos, cun total de 33. En último lugar, se atendemos á clasificación por sexo, vemos que 221 corresponden a mulleres e 14 a homes.

Outro efecto desta medida de restrición de descansos é sobre a



merma da conciliación laboral e familiar, reflectir como dato significativo ao respecto da situación que están a vivir as traballadoras é as solicitudes de licenzas sen soldo que se viron incrementadas de xeito exponencial. Poñendo como exemplo o CAPD de Sarria, que conta cun total de 165 traballadores/as, no que antes da entrada en vigor da suspensión dos descansos compensatorios contabilizaba unha licenza sen soldo ou todo o máis dúas ao ano, no ano 2015 son 16 as traballadoras solicitantes, das que 15 pertencen á categoría de coidadoras, e no ano 2016 van solicitadas un total de 11, sendo 10 da citada categoría.

Son datos altamente negativos sobre a situación destas traballadoras que ven como as carteleiras, realizadas cos criterios derivados da aplicación da Lei 1/2012, minan a súa seguridade e saúde no traballo e a súa conciliación laboral e familiar e sofren unha inxusta e discriminatoria precarización das súas condicións laborais como servidoras públicas en centros nos que os internos e usuarios son persoas cun elevado nivel de necesidade de atención.

O Sindicato espera que a Valedora do Pobo estime esta queixa e, en base ás súas competencias, remita suxestión ao Parlamento de Galicia para que se proceda a subsanación destas inxustas e discriminatorias aplicacións da Lei 1/2012 e sucesivas Leis de orzamentos e repoña o descanso compensatorio de domingos e festivos ao persoal sen distinción de sexo.